Semente

o home que plantaba árbores

Dirección e adaptación

José C. Garcia

Intérprete

Mercedes Castro

eme2

2020

diseño gráfico_Sofía Serrazina

eme2

presenta

Semente, o home que plantaba árbores

"A terra non é miña, eu son da terra"

A partir do libro **O HOME QUE PLANTABA ÁRBORES**
de **JEAN GIONO**

Inspirado en acontecementos reais, Semente. O home que plantaba árbores é unha historia inesquecible sobre o poder que o ser humano ten de influenciar o mundo ao seu redor.

Narra a vida dun home e o seu esforzo solitario, constante e paciente, para facer do lugar onde vive un lugar especial.

É unha historia admirable que nos mostra como un home humilde e insignificante aos ollos da sociedade, vivindo lonxe do mundo e usando unicamente os seus propios medios, consegue reforestar el só unha das rexións máis inhóspitas e áridas de Francia.

Ficha Artística

Autor: **JEAN GIONO**

Dirección e adaptación: **JOSÉ C. GARCIA**

Intérprete: **MERCEDES CASTRO**

Tradución: **SANDRA ROMARIS**

Deseño de luz: **BRUNO ESTEVES**

Música: **FRAN LASUEN**

Vestiario: **MM**

Produción executiva: **eme2**

Distribución: **eme2**

distribucion@emedous.com_
www.emedous.com
609457575 / 981534134

Agradecementos: **Ajidanha, Martín Vázquez, Nuria Cuadrado, Rui Pinheiro**.

Dirección e adaptación
José Carlos Garcia

Nacido en Mozambique, en 1969, asistiu entre 1991 e 1994 a EPAOE (Escola Profissional de Artes e Ofícios do Espectáculo). En 1996 funda, xunto con João Senna, a Companhia do Chapitô, traballando como actor e codirector artístico con diversos directores como António Pires, Claude Krespin, Fernando Gomes, Francisco Salgado, John Mowat, Paula Sá Nogueira, Nuno Carinhas, Nuno Pino Custódio e Sandra Faleiro. Mantense como director artístico desta compañía na actualidade.

Desde 2001 participa en varias series, telenovelas e filmes. *O Furavidas*, *A Minha Família é uma Animação*, *Liberdade 21*, *Maternidade*, *Laços de Sangue* (Emmy á mellor telenovela 2010), *Pai à Força*, *Depois do Adeus* (nomeado a mellor actor), *Os Nossos Dias*, *Sal*, *Bem-vindos a Beirais*, *Aqui Tão Longe*, *Teorias da Conspiração*, *O Sábio*, *Os Idiotas*, *A Teia*, *Lastro*, *Bailarina*, *Enchente*, *Prescrição* (Premio mellor actor), *Jigging*, *Até ao Canto do Galo* e *Jacinta*.

Co traballo de dirección gañou os seguintes premios: mellor espectáculo de teatro outorgado polos profesionais na FERIA INTERNACIONAL DE TEATRO Y DANZA DE HUESCA 2016, por *Electra*; mellor dirección na FETEN 2013, por *La vuelta al mundo en 80 Días*; mellor dirección por *Moby Dick*, FETEN 2015; mellor espectáculo por *El viaje de Ulises*, FETEN 2019; XIX Premio Donostia de Teatro, 2018, por *Sherezade y las capas de la cebolla* e mellor dirección por *Pinocho*, FETEN 2020.

Foi finalista en Portugal dos premios SPA 2019 polo mellor espectáculo, com *Hamlet* e en España, en 2016 e 2019, dos premios Max, cos espectáculos *Moby Dick* e *El Viaje de Ulises*. Colabora regularmente na dirección de pezas con diversas compañías, en Portugal e España, entre as que se atopan Peripécia Teatro, de Vila Real; Gorakada, de Euskadi e Pupaclown, de Murcia.

Intérprete
Mercedes Castro

Como actriz de teatro, participei en numerosas pezas con diferentes compañías galegas, entre as máis recentes atópanse *ANoiva de Don Quixote*, *A Leituga*, dos anos 2018-19,que conta coa dirección de José C. García, Víctor Duplá.
No ano 2014 coprotagonicei *Meu Ben*, un traballo da irlandesa Elaine Murphy, ás ordes de Álvaro Lavín. No ano 2010, de novo baixo a dirección de Álvaro Lavín, protagonicei *Sexo, por que non?*, baseado nos textos de Franca Rame e Dario e Jacopo Fo.

Tamén traballei como actriz en diferentes series televisivas para a Televisión de Galicia como *A modista* ou *Padre Casares*, nesta última participei entre os anos 2008 e 2015. Así mesmo traballei en producións para a televisión do resto do Estado como *Cuéntame cómo pasó*, *Hospital central* ou *Codi60*.

Por último, gustaríame mencionar algúns dos meus traballos no cinema, entre eles estarían *Heroína* de Gerardo Herrero ou *Para que no me olvides* de Patricia Ferreira, ambos os dous do ano 2005.

Como produtora, fundei no ano 2001 eme2 co fin de iniciar o meu propio proxecto de produción e distribución de artes escénicas.

Canto aos premios e nominacións, mencionar a nominación á mellor interpretación no Festival Internacional de televisión de Montecarlo polo meu papel na serie *Padre Casares* e a obtención dun María Casares á mellor actriz protagonista no ano 1998 por *Para o Leste do Gantry* de Edward Thomas.

Colaboran

CONCELLO DE VIGO

Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n

ajidanha
ASSOCIAÇÃO DE JUVENTUDE DE IDANHA-A-NOVA

eme2

www.emedous.com